



CONCELLOS

CERVO

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publicanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de PEÓN/A DE RECOLLIDA DE LIXO, como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) **PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS.**

Ningunha.

b) **PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
VARELA BASANTA CARLOS	**9941 ***	SI	(1)

(1) Por constar comunicación da Seguridade Social, con RE núm. 2024-E-RC-838, de data 23.02.2024.

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta Resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Cervo, 10 de outubro de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3026

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publicanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan seis prazas de AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR, como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditacións, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSONAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
DÍAZ GARCÍA, PILAR	***4892**	SI
GRACIA URRUTICOECHEA, ESTIBALIZ	***2746**	NON
MACEIRA GIADANES, MARGARITA	***6638**	NON
MARTÍNEZ CASTRO, MARÍA BELÉN	***9258**	SI
MARTÍNEZ FALCÓN, MILAGROS	***4062**	SI

b) PERSONAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
BASANTA MASEDA, MARÍA DEL CARMEN	***4465**	SI	(1)
GARCÍA ÁLVAREZ, EVARISTA	***6868**	NON	(2)

(1) Non acredita estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases que o regulan.

(2) Por constar comunicación da Seguridade Social, con RE núm. 2023-E-RC-2920, de data 21.08.2023, de Resolución de Xubilación.

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta Resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Cervo, 10 de outubro de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3027

FOZ

Anuncio

Aprobación definitiva Modificación de Créditos, Modalidade

“Suplemento de Crédito 01/2024”

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 31/05/2024, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 1/2024.

Visto o certificado de Secretaría no que consta que non houbo alegacións durante o tempo de exposición pública previsto na lexislación vixente.

En cumprimento do artigo 169.3, por remisión do 177.2, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello o cal se fai público co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	EUROS
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	13.500,00 €
	TOTAL DE LA MODIFICACIÓN	13.500,00 €

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	EUROS
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	13.500,00 €
	TOTAL DE LA MODIFICACIÓN	13.500,00 €

Contra ou presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Foz, 8 de outubro de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 3016

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO Padrón fiscal do Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbans do 3º trimestre de 2024.

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbans correspondente ao 3º trimestre de 2024.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por R.D. 939/2005, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta que se lles indique. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago da taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 7 de outubro de 2024.- A Alcadesa, D^a. Rocío López García.

R. 3017

PANTÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2024.

-A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 07.10.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2024, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

-Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

-En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.11.2024 ao 31.12.2024, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.11.2024
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 9 de outubro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3018

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO CUARTO BIMESTRE DE 2024.

- A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 07.10.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao cuarto bimestre de 2024, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

- Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

-En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao cuarto bimestre de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 16.10.2024 ao 16.12.2024, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.11.2024
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 9 de outubro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3019

Anuncio

BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, UNHA (1) PRAZA DE CONSERXE DE COLEXIO, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNA, GRUPO A.P., VACANTE NO CADRO DE PERSOAL E INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2021, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

Por Resolución de Alcaldía de data 04.10.2024 procédese convocar e aprobar as presentes Bases que han de rexer a convocatoria para cubrir en propiedade, como funcionario/a de carreira, unha (1) praza de conserxe de colexio, encadrada na escala de administración xeral, subescala subalterna, grupo A.P., vacante no cadro de persoal e incluída na oferta de emprego público de 2021, mediante o sistema de oposición libre.

Nº POSTOS: 1

TIPO DE XORNADA: Xornada Completa (100%)

As bases reguladoras do proceso selectivo de referencia, poderanse consultarno taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na sede electrónica municipal mediante o seguinte enlace (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria do proceso selectivo e as bases reguladoras do mesmo, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial de Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste concello, de conformidade cos artigos 112.1, 114.1.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade cos artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente

ou se producira a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitarse calquera outro recurso que considere pertinente.

Pantón, 9 de outubro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3020

Anuncio

BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, UNHA (1) PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS ALUMEADO PÚBLICO, VACANTE NO CADRO DE PERSOAL E INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2021, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE

Por Resolución de Alcaldía de data 03.10.2024 procédese convocar e aprobar as presentes Bases que han de rexer a convocatoria para cubrir en propiedade, como persoal laboral fixo, unha (1) praza de operario de servizos alumeado público, vacante no cadro de persoal e incluída na oferta de emprego público de 2021, mediante o sistema de oposición libre.

Nº POSTOS: 1

TIPO DE XORNADA: Xornada Completa (100%)

As bases reguladoras do proceso selectivo de referencia, poderanse consultarno taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na sede electrónica municipal mediante o seguinte enlace (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria do proceso selectivo e as bases reguladoras do mesmo, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial de Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste concello, de conformidade cos artigos 112.1, 114.1.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade cos artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa

resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitarse calquera outro recurso que considere pertinente.

Pantón, 9 de outubro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3021

O VICEDO

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto no punto 6 das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de alegacións á listaxe provisional,

RESOLVO

Primeiro.- Prestar aprobación á lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar dúas prazas de TÉCNICO EDUCACIÓN INFANTIL, con indicación das causas de exclusión.

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
BEN GARCÍA, SARAY	***8156**	SI
GARCÍA MARTÍNEZ, IAGO	***8433**	SI
GÓMEZ FERNÁNDEZ, FLAVIA	***2291**	SI
LÓPEZ GARCÍA, BEGOÑA	***0397**	SI
LUENGO EDROSA, JOSEFA	***4778**	SI
MARTÍNEZ YAÑEZ, MARÍA BEGOÑA	***9548**	SI
PENA ROLLE, SILVIA VANESA	***3789**	SI
PIGUEIRAS PRIETO, LORENA	***8082**	SI
PRADO RODRÍGUEZ, TANIA	***8409**	SI
REGO VAZQUEZ, YOVANA	***8120**	SI
VALLE LOVELLE, RAQUEL	***4517**	SI

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)
AMADO FERREIRO, ALBA MARÍA	***9029**	(1)
MARTÍNEZ MARTÍNEZ, ROCÍO	***1013**	(1)
PÉREZ DOPICO, DIEGO	***1454**	(1)
PERNAS BASANTA, MARÍA RAQUEL	***9277**	(1)

(1) Anexo I está incompleto ou completo pero non é orixinal ou copia auténtica.

Segundo.- Designar aos membros do Tribunal Cualificador:

PRESIDENTE

Titular: Dona María Valiña Garrido, secretaria- interventora do Concello de Mañón.

Suplente: Dona M^a Natividad Rubido Martínez, traballadora social do Concello de Mañón.

VOGAL 1

Titular: Don Pablo Dorado Lanza, arquitecto técnico municipal do Concello do Valadouro.

Suplente: Don José Antonio Quelle Gómez, encargado do Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade do Concello do Vicedo.

VOGAL 2

Titular: Dona Silvia García López, xefa de Sección de Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en traballo social na Sección de Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo.

VOGAL 3

Titular: Don José Luis Gegunde López, traballador social do Concello de Ribadeo.

Suplente: Don José García Insua, técnico medio recadador do Concello de Cervo.

SECRETARIO

Titular: Don Alfredo Sesar Peón, secretario-interventor do Concello do Vicedo.

Suplente: Don Fernando Aguirre Vigo, secretario-interventor do Concello de Parada do Sil.

Segundo o previsto nas bases xerais, o Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación, no caso de ser necesario, de persoal técnico especialista para a valoración da proba de galego, que terá voz pero non voto.

Terceiro.- Citar ás persoas que forman parte do tribunal, para que comparezan o día 29 de outubro de 2024, ás 10:00 horas, no Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade do Concello do Vicedo, para a súa constitución e posterior valoración dos méritos.

Cuarto.- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 10 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3028

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto no punto 6 das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de alegacións á listaxe provisional,

RESOLVO

Primeiro.- Prestar aprobación á lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de TRABALLADOR/A SOCIAL, con indicación das causas de exclusión.

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
CHAO VIDAL, NURIA	***9645**	SI
GARCÍA BASANTA, MARÍA CRISTINA	***9158**	SI
GARCÍA GARCÍA, LORENA MARÍA	***5118**	NON

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
COUTO MAROÑO, LETICIA MARÍA	***9988**	(1)(2)
GARCÍA LÓPEZ, EMMA	***2183**	(1)(2)
MARTÍNEZ NEIRA, ANA MARÍA	***3513**	(1)
PEREIRO SORDO, BEATRIZ	***3578**	(1)

ZAS CASTRO, MARÍA MANUELA	***5357**	(2)
---------------------------	-----------	-----

(1) Anexo I está incompleto ou completo pero non é orixinal ou copia auténtica.

(2) DNI non está en orixinal ou copia auténtica.

Segundo.- Designar aos membros do Tribunal Cualificador:

PRESIDENTE

Titular: Dona María Valiña Garrido, secretaria- interventora do Concello de Mañón.

Suplente: Dona M^a Natividad Rubido Martínez, traballadora social do Concello de Mañón.

VOGAL 1

Titular: Don Pablo Dorado Lanza, arquitecto técnico municipal do Concello do Valadouro.

Suplente: Don José Antonio Quelle Gómez, encargado do Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade do Concello do Vicedo.

VOGAL 2

Titular: Dona Silvia García López, xefa de Sección de Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en traballo social na Sección de Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo.

VOGAL 3

Titular: Don José Luis Gegunde López, traballador social do Concello de Ribadeo.

Suplente: Don José García Insua, técnico medio recadador do Concello de Cervo.

SECRETARIO

Titular: Don Alfredo Sesar Peón, secretario-interventor do Concello do Vicedo.

Suplente: Don Fernando Aguirre Vigo, secretario-interventor do Concello de Parada do Sil.

Segundo o previsto nas bases xerais, o Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación, no caso de ser necesario, de persoal técnico especialista para a valoración da proba de galego, que terá voz pero non voto.

Terceiro.- Citar ás persoas que forman parte do tribunal, para que comparezan o día 29 de outubro de 2024, ás 12:15 horas, no Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade do Concello do Vicedo, para a súa constitución.

Cuarto.- Citar ás persoas que forman parte do tribunal e as persoas aspirantes que non acreditaron o nivel mínimo de galego esixido nas correspondentes bases específicas, para a realización dunha proba de galego, o día 29 de outubro de 2024, no Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade do Concello do Vicedo, as 12:30 horas. Posteriormente procederase á valoración dos méritos.

Quinto.- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 10 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3029

XERMADE

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A

Tendo en conta o acordado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en reunión de data 06/09/2024, na que acordou oficiar a este concello a fin de que inicie novo expediente para elixir Xuíz/a de Paz Substituto/a, efectúase convocatoria pública, ó efecto de que as persoas interesadas podan presentar as instancias durante o prazo de 15 días naturais seguintes á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia:

“BASES PARA A CONVOCATORIA PUBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO. EXPTE 777/2024.

Tendo en conta o acordado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en reunión de data 06/09/2024, na que acordou oficiar a este concello a fin de que inicie novo expediente para elixir Xuíz/a de Paz Substituto/a,

efectúase convocatoria pública, ó efecto de que as persoas interesadas poidan presentar as instancias durante o prazo de quince (15) días naturais seguintes á publicación do anuncio.

1.- Condicións legais dos solicitantes.

Para poder concorrer, precísanse os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso/a nalguna das causas de incapacidade que se establecen na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

2.- Incapacidades.

Están incapacitados os impedidos física ou psíquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non teñan obtido a rehabilitación, os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dicte auto de sobreseimento e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

3.- Documentos que se achegarán á solicitude.

- a) Certificación de nacemento ou fotocopia cotexada do documento nacional de identidade.
- b) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o art. segundo da Lei 68/1980 no seu punto 1.a), referente a se se encontra inculcado ou procesado.
- c) Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

4.- Procedemento.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes polo Concello Pleno procederase á elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo adoptarase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

De non presentar solicitudes, o Concello Pleno elixiraos libremente.

O nomeamento será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 9 de outubro de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3030

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – CASTROVERDE

Anuncio

BASES CONCURSOS DE ESCAPARATES CONCELLO DE CASTROVERDE

BDNS (Identif.): 789917

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/789917>)

consiste en realizar el diseño de una postal relacionada con el Nadal

Castroverde, 9 de outubro de 2024.- Alcalde-Presidente, Xosé María Arias Fernández.

R. 3022

NOTARÍA

Anuncio

JOSE MANUEL LOPEZ CEDRON, Notario de Lugo, C/Reina nº18, 1ªA

Hago constar:

1.- En fecha tres de octubre de dos mil veintiuno, ante mi, José Manuel López Cedrón, Notario del Ilustre Colegio Notarial de Galicia con residencia en Lugo, se otorgó escritura de aceptación y adjudicación, bajo el número 2776 de mi protocolo por la herencia de los causantes don **DON ANGEL RODRIGUEZ VILA**, , y **DOÑA CARMEN VAZQUEZ PARDO**, fallecidos el día dos de abril de dos mil y díaveintidós de mayo de dos mil veinticuatro.

2.- Entre los bienes adjudicados a los herederos, se encuentra la finca que se describe a continuación:

- Parcela de terreno, procedente de la denominada **GRANXA DAS REGAS**, destinada a inculto de cabida de veinticinco áreas, según título, según certificación catastral veinticinco áreas y diecisiete centiáreas, lindante: al norte, de herederos de Cabarcos; al Sur, o frente, en línea de unos cuarenta y nueve metros y dos centímetros, con camino o pista dejada de la matriz de donde la presente se segregó que parte de la carretera Nacional 540 Lugo-Santiago, aproximadamente del KM 513900 y podría enlazar en su día llegar a enlazar con la carretera de la circunvalación de los nuevos accesos a Lugo, aproximadamente a la altura del nuevo puente del Rio Miño, a la margen izquierda de cuyo camino y pista en su iniciación, queda una faja de terreno de cincuenta centímetros de ancho y a la margen derecha el del mismo a su terminación, queda otra faja de terreno de un metro y cincuenta centímetros de ancho, cuyas franjas de terreno forman parte de la finca total de donde la presente se segregó, que se reservan Don JoséRodríguez López, Don JoséFerreirosTraseira y don Isauro Diaz Mouriz, y al Oeste con parcela de terreno segregada de la misma finca matriz que ésta y adquirida por Don Germán Escolante Varela.

REFERENCIA CATASTRAL.- 27900A250001360000ZD.

3.- Se notifica expresamente a quienes pudieran verse afectados por la presente transmisión, para que puedan ejercer los derechos reconocidos en el Artículo 27 y concordantes de la Ley de Montes de Galicia.

Lugo, 9 de octubre de 2024.- Notario, José Manuel López Cedrón.

R. 3023